

Estimados/as compañeiros/as:

Como directora do Grupo de Traballo de Química e no nome de todo o grupo, poñémonos en contacto con todos vós un ano máis. Seguindo ás recomendacións da CiUG para a elaboración das probas neste curso 2016-2017 (pendente da publicación da Resolución no DOG); o grupo de Química estivo a traballar na elaboración dunhas orientacións co fin de aclarar as dúbidas derivadas da entrada en vigor da diferente normativa^{1,2,3}.

As variacións respecto de anos anteriores afectan unicamente ao cumprimento que demanda a normativa arriba indicada. Baseándonos nela elaboramos as **orientacións xerais para ás PAU 2017** relativas a cada un dos catro bloques temáticos da materia:

1. A actividade científica
2. Orixe e evolución dos compoñentes do Universo
3. Reaccións químicas
4. Síntese orgánica e novos materiais.

Estas orientacións para a avaliación presentámosvolas en forma de tabla xunto coas estratexias de aprendizaxe para cada bloque. Entendemos que este é un ano de cambio/transición polo que o grupo tendo en conta a falta de tempo co que se afronta a preparación da proba para este curso, acordamos manter a mesma estrutura que había ata agora (*dúas opcións, cada unha delas con dúas cuestións, dous problemas e unha pregunta relativa ás prácticas de laboratorio*), pero respectando os criterios indicados na normativa.

Na páxina web da CiUG do grupo de Química (<http://ciug.gal/grupos/quimica.php>) poderedes atopar para as PAU 2017:

- o Orientacións xerais.
- o Modelo de exame e de táboa periódica.
- o Criterios xerais de corrección que deben ter claro os alumnos na realización das probas (insistir en que as cuestións teóricas deben razoarse).
- o Indicacións sobre a formulación, entendida como de mínimos de cara as probas PAU.
- o Libro de prácticas que elaborou o Grupo de Traballo hai uns anos no que atoparedes a maioría (pero non todas) as prácticas recollidas nas orientacións.
- o Resumo da valoración dos resultados das probas de acceso de xuño e setembro 2016, obtidos a través das enquisas respostadas polos correctores da materia. Neste resumo tamén se indican os erros máis comúns cometidos polos alumnos nas respostas ás preguntas.
- o Exames e solucións doutras convocatorias (dende o ano 2001).

O grupo traballará para realizar as modificacións necesarias destas orientacións xerais para conseguir a mellor adaptación posible a normativa, e que serían de aplicación, de ser o caso, para as probas de anos vindeiros.

Unha vez máis, quedamos á vosa disposición para calquera consulta, aclaración ou suxerencia e recibe un cordial saúdo.

O grupo de traballo

¹Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 120 Luns, 29 de xuño de 2015 Pág. 25434-27073).

²Orden ECD/1941/2016, de 22 de decembro por la que se determinan las características, el diseño y el contenido de la evaluación de Bachillerato para el acceso a la Universidad, las fechas máximas de realización y de resolución de los procedimientos de revisión de las calificaciones obtenidas, para el curso 2016/17) (BOE Núm. 309 viernes 23 de diciembre de 2016 Sec. I. Pág. 89890-89949). Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria.

³Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y de Bachillerato (BOE Núm. 3, sábado 3 de enero de 2015 Sec. I. Pág. 447-451).